

Antonio Fernández

PINTOR
DE TRES
MUNDOS



COMISIÓN
ANTONIO
FERNÁNDEZ

Concello de Tomiño

ANTONIO FERNÁNDEZ PINTOR DE TRES MUNDOS: BRASIL, ITALIA E GALIZA

Antonio Fernández Gómez (1882-1970) é, desde a perspectiva da historia da arte galega, un pintor excéntrico. Nacido en Goián e formado no Brasil, onde emigra en 1894 con apenas doce anos, o artista vai realizar a súa formación de a cabalo do país americano e de Italia, onde chega en 1901, instalándose no verán de 1902 na vila de Anticoli Corrado, nos montes Abruzzi.

O noso artista foi un creador que sempre se sentiu a gusto coa tradición. Como moitos pintores formados a finais do XIX, ten o museo como escola e modelo mais non deixa de ser un pintor do seu tempo entroncando coa tradición europea do paisaxismo pintoresco decimonónico, cun manifesto interese polas imaxes rurais. Unha linguaxe que o noso pintor vai encontrar en Italia, na vila de Anticoli Corrado, provincia de Roma, no Lazio, ámbito xeográfico de esgrevio atractivo ao que regresará de xeito recorrente até finais dos anos vinte.

A volta definitiva a Galiza, en 1929, non vai supor unha ruptura cun estilo nesta altura xa solidamente asentado. Fernández seguirá cos temas costumistas e co seu paisaxismo pintoresco, acentuando, se candra, o bucolismo atemporal mais mantendo a calidade da súa obra, en especial nas décadas dos trinta e corenta.


Situado nestes contextos territoriais e vitais, Antonio Fernández vai preocuparse por captar os efectos de luz e sombra e polos detalles das casas e a paisaxe, atendendo a unha estética pintoresca: velaí as escenas rústicas populares que representan diferentes aspectos da vida tradicional rural: os labores domésticos; as festas; os pastores...

Nestes aspectos temáticos e formais coincide cos rexionalistas que nas primeiras décadas do XX traballan en Galiza, tendendo a representar figuras sen apenas pegadas da fatiga e sucidade propias dos labores agrarios. Malia isto, débese sinalar que Antonio Fernández presenta os temas dun xeito realista, sen o sentimentalismo bucólico con que moitos artistas captaron motivos semellantes, creando un mundo acolledor e íntimo de pastores, rabaños, vieiros entre montes e arquitectura popular, que evidencia un amor fondo polo mundo tradicional. O pintor sente, xa que logo, unha marcada preferencia por documentar a apracible aldea, a construción humilde, a árbore senlleira e a montaña esgrevia, evocando sentimentos de quietude, sobriedade e tradicións ancestrais.

Antonio Fernández :: PINTOR DE TRES MUNDOS
EXPOSICIÓN :: CENTRO GOIANÉS :: DO 04 AO 20 OUTUBRO 2013
www.antoniofernandezpintor.com



Aldeá



Antícoli, 1924



Antícoli, 1919



Ao cair o sol en Antícoli, 1921



Autorretrato, 1923



Bosquexo de ovellas



Bosquexo de cabras



Bosquexo mural para Santos, 1913



Bosquexo para volta ao aprisco



Cumios nevados en Antícoli, 1923



Igrexa de Antícoli



Na ribeira do Miño, 1949



Oliveiras, 1927



Praia de Santos, 1913



Retrato de Antonio Fernández, 1952
Autor: Xavier Pousa



Sobreiras do monte Madalena



Vello olivar, 1925



Volta ao aprisco, 1920



Zanpognaro, 1916

Antonio Fernandez

PINTOR
DE TRES
MUNDOS



www.antoniofernandezpintor.com